



**MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE
A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA E A COORDINADORA
GALEGA DE ORGANIZACIÓNS NON GOBERNAMENTAIS PARA O
DESENVOLVEMENTO PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “MELLORA
DAS CAPACIDADES DA COORDINADORA PARA PROMOVER A
TRANSPARENCIA, O BO GOBERNO E OS OBXECTIVOS COMPARTIDOS
DE TRANSFORMACIÓN SOCIAL E DEFENSA DA POLÍTICA PÚBLICA DE
COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS ONGD GALEGAS”**

(1) A vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE e da súa Subdirección Xeral de Cooperación Exterior, é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de cooperación para o desenvolvemento.

No mencionado ámbito material, constitúe un dos obxectivos prioritarios sectoriais e de especialización a educación para o desenvolvemento e o fortalecemento institucional dos axentes.

Que unha das prioridades sectoriais establecidas na Lei 3/2003, do 19 de xuño, de cooperación para o desenvolvemento, é a da potenciación dos axentes de cooperación ao desenvolvemento de Galicia co fin de crear unha rede de solidariedade na nosa sociedade. Ademais

Que a citada Lei 3/2003, do 19 de xuño, alude na súa exposición de motivos á Coordinadora como representante das ONGD, que veñen colaborando coa Administración pública atendendo aos principios de eficacia e sinerxía das actuacións e respectando o código de conduta propio deste tipo de organizacións non gobernamentais. En concreto, prestan asistencia á Xunta de Galicia mediante a súa participación nos órganos de asesoramento e nas comisións técnicas asesoras de actividades e apoian, informan e asesoran aos outros axentes de cooperación nas accións realizadas dende a Comunidade Autónoma de Galicia.



(2) Antecedentes:

A Xunta de Galicia vén colaborando dende 1997 coa Coordinadora no ámbito da sensibilización e fortalecemento institucional a través da sinatura dos correspondentes convenios.

O importe das subvencións concedidas pola Xunta á Coordinadora Galega de ONGD en materia de cooperación para o desenvolvemento, nos ámbitos de sensibilización e fortalecemento, ascendeu a 1.162.634,26€ no período 2004 – 2017, de acordo coa seguinte distribución:

ANO	IMPORTE SUBVENCIÓN XUNTA
2004	29.982,00 €
2005	106.350,00 €
2006	70.585,00 €
2007	85.717,26 €
2008-2009 (convenio plurianual)	180.000,00 €
2010	90.000,00 €
2011	90.000,00 €
2012	90.000,00 €
2013	60.000,00 €
2014	90.000,00 €
2015	90.000,00 €
2016	90.000,00 €
2017	90.000,00 €

(3) **Finalidade** Co fin de dar continuidade ás actuacións de educación para o desenvolvemento previstas e ao fortalecemento da Coordinadora Galega de ONGDS como órgano de representación lexítimo deste sector, tense previsto formalizar o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2018.

(4) O convenio ten por obxecto contribuír a mellorar o sector galego de cooperación ao desenvolvemento mediante o fortalecemento da Coordinadora Galega de ONGD. Isto





farase a través de diferentes actividades tales como a mellora das capacidades técnicas e procesos internos da Coordinadora, a realización de diferentes seminarios, conferencias, xornadas de formación e de difusión sobre os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible e a súa aplicación a nivel autonómico e local, a mellora da transparencia o bo goberno e o cumprimento do código de conduta nas ONGD socias e da Coordinadora así como actividades encamiñadas a mellorar a visibilidade da cooperación galega para o desenvolvemento e a comunicación externa das ONGD.

(5) A singularidade deste proxecto que ven determinada polas accións de fortalecemento da propia Coordinadora, en canto organización representativa, aglutinadora e fortalecedora das ONGD que representa; polas iniciativas de difusión das súas actividades diante da poboación galega, pola propia natureza desta entidade representativa das ONGD galegas e con presenza en Galicia, que colabora coa administración pública atendendo aos citados principios de eficacia e sinerxía prestando asistencia e participando nos órganos de asesoramento e en comisións técnicas asesoras, así como apoiando, informando e asesorando aos axentes da cooperación e pola utilidade que a posta en marcha deste proxecto significa para a cooperación, a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE considera que o proxecto reúne os requisitos esixidos para a concesión directa da subvencións segundo o artigo 26 da Lei 9/2007, do trece de xuño, de subvencións de Galicia, e segundo o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Subvencións de Galicia, ao non ser posible promover a concorrência pública dada a especificidade das actividades que son de interese público humanitario e a natureza da entidade destinataria da subvención.

(6) A Xunta de Galicia financiará o proxecto cunha achega total de 90.000 € (noventa mil euros), con cargo a aplicación orzamentaria 05.26.331A.481.1.

(7) Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de



aplicación do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4.2 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Asinado electrónicamente en Santiago de Compostela

A Subdirectora Xeral de Cooperación Exterior

P.D. de 8 de xuño de 2010 do Director Xeral de Relacións Exteriores e coa UE

Pilar Romero Rodríguez

